


Entrevista: Francisco Aréchaga, presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia

“O mineiro é un sector básico da economía galega”

A Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha corporación de Dereito Público fundada en 1925, que representa os intereses de tódalas empresas mineiras de Galicia. Francisco Aréchaga foi nomeado recentemente presidente deste organismo, que ten como obxectivos prioritarios os de fomentar o desenvolvemento da industria mineira e representar, defender e promover os intereses mineiros dos seus socios



Francisco Aréchaga defende o sector da minaría como piar fundamental da economía galega.

“A minaría galega é fundamental para o tecido industrial da comunidade galega, tanto polo seu peso económico como de emprego”

► O seu nomeamento á fronte da Cámara Oficial Mineira de Galicia foi moi recente. Cales son os seus obxectivos á fronte deste organismo?

► O meu obxectivo principal é traballar para que a minaría continúe sendo un piar fundamental da economía galega, así que o meu reto é esforzarme ao máximo para acentuar ainda máis a relevancia da actividade mineira en Galicia.

Por suposto, quero continuar cos traballos que se están levando a cabo na Cámara, como promover o I+D+i nas empresas do sector, así como a calidade, medio ambiente e a seguridade. Tamén, estamos realizando programas de

investigación e recuperación da memoria histórica.

► Este organismo representa os intereses tanto das empresas mineiras como dos balnearios, termas e augas minerais. Resulta posible conciliar os intereses de todos estes sectores?

► Aínda que parezan subsectores afastados, en realidade non o son. Todos eles traballan con recursos mineiros que se extraen do subsolo. No caso dos balnearios, termas e augas minerais o seu recurso é líquido e cunhas propiedades singulares, mentres que o resto de subsectores ten como materia prima recursos minerais

sólidos.

► Que peso específico ten este sector na economía galega?

► A minaría galega é fundamental para o tecido industrial da comunidade, tanto polo seu peso económico como de emprego. O sector mineiro representa entre o 2 e o 3% do PIB galego e ten unha facturación anual de ao redor de mil millóns de euros, ademais de dar traballo a máis de 10.000 persoas en postos directos e 50.000 indirectos. Tamén hai que ter en conta a presenza do sector a nivel mundial, o subsector do granito é a sexta potencia do mundo e a segunda de Europa, mentres

que a lousa galega logrou que o 40% dos tellados deste material de todo o mundo sexa de Galicia.

► Cales son os retos aos que se enfrenta a minaría a nivel estatal?

► Na actualidade, a reutilización dos residuos das empresas extractivas, os plans de restauración de canteiras e vertedoiros, así como a conservación do patrimonio mineiro son algúns dos retos a ter en conta dende dentro do sector mineiro.

► E as particularidades do sector a nivel galego?

► O sector mineiro galego ten que manter a súa competitividade e calidade nun mercado mundial moi esixente. Por outra banda, está levando a cabo un impulso do I+D+i, así como programas para mellorar a seguridade e a saúde no traballo, outro dos aspectos fundamentais para a minaría en Galicia é a ordenación do territorio e o peche da cadea produtiva.

► É posible o desenvolvemento sostible do sector?

► Un dos principais retos da minaría é que esta chegue a ser sostible. De feito, Aenor, a Asociación Española de Normalización e Certificación, está traballando na elaboración dun documento no que se establezan os indicadores necesarios para elaborar unha norma española de sistemas de xestión mineira sostible que se poidan implantar no sector. Por outra banda, hai que ter presente que o papel dos recursos minerais na sustentabilidade debe entenderse en relación co potencial de reciclaxe ou reutilización dos mesmos.

► Quantas empresas agrupa a Cámara que vostede preside e que representa ese número a nivel de emprego?

► A Cámara Mineira é un organismo de dereito público que representa ás empresas do sector mineiro da comunidade. En Galicia son unhas 500 explotacións, o que supón máis de 10.000 postos de traballo directos. Neste sentido, hai que valorar a incidencia que algunas explotacións, por exemplo as de áridos, teñen na economía de sectores como a construcción, xa que resultaría impensable a produción de, por exemplo, ladrillos e tezas, sen as extraccións de arxila.